



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

FICHA DE AXUDA

ENTIDADE (Código da ficha)

IGAP225 - IGAPE- Instituto Galego de Promoción Económica

1. TÍTULO DO PROGRAMA/ AXUDA

IG166 - AXUDAS PARA A CONTRATACIÓN DE XESTORES DE INTERNACIONALIZACIÓN (2012)

2. FINALIDADE / OBXECTIVO

Facilitar ás empresas galegas a prospección e acceso a novos mercados poñendo ao seu alcance axudas para a contratación de profesionais especialistas en internacionalización empresarial, conseguindo, ao mesmo tempo, a formación de especialistas en comercio exterior e a súa incorporación ao mercado laboral.

3. TIPOS DE APOIO

Axuda en réxime de concorrencia non competitiva.

4. BENEFICIARIOS POTENCIAIS

1.- Poderán ser beneficiarios deste programa de axudas:

a) As empresas, pemes ou non pemes, que teñan o seu domicilio social na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as empresas con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos, que teñan un proxecto de internacionalización da propia empresa solicitante.

b) As asociacións empresariais, consellos reguladores e clústers (con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro) de carácter eminentemente empresarial que representen a un colectivo de empresas galegas, que estean domiciliados en Galicia e que teñan un proxecto de internacionalización que beneficie a todas as empresas asociadas ao organismo intermedio ou, no caso de que non beneficie a todas, que beneficie polo menos ao 25% das empresas asociadas, o cal se acreditará mediante declaración do número total de asociados e lista detallada de empresas acollidas ao proxecto.

c) Centros de tecnoloxía e centros de apoio á innovación tecnolóxica, inscritos con anterioridade ao 31/12/2011 no Rexistro establecido para o efecto polo Ministerio de Ciencia e Innovación (RD 2093/2008, do 19 de decembro), que estean domiciliados en Galicia e que teñan un proxecto de internacionalización.

2.- Todos os beneficiarios deben presentar ao Igape un proxecto de internacionalización (a detallar no cuestionario de solicitude) para o que se require contratar un especialista en comercio exterior.

3.- En todos os casos, os beneficiarios deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social e non ser considerados empresas en crise no sentido das directrices comunitarias, cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.

Tamén será requisito a inscrición no Rexistro de establecementos industriais de Galicia para as empresas incluídas no ámbito de aplicación do Decreto 115/2000, do 11 de maio (DOG N°100 do 24/05/2000).

4.- Para poder acceder a estas axudas o solicitante, excepto no caso de que sexa un organismo intermedio debe manifestar mediante declaración responsable que xa ten experiencia previa en exportación (exportación nos dous últimos anos consecutivos anteriores ao da convocatoria), ou se aínda non a ten ou só fixo operacións esporádicas ou puntuais, que dispón dun diagnóstico positivo do potencial exportador da empresa

realizado no exercicio da convocatoria ou nos 4 exercicios anteriores a través de programas de Igape ou Icx .
O DIAGNÓSTICO DEBÉRASE XUNTAR AO CUESTIONARIO DE SOLICITUDE.

5. SECTORES INCENTIVABLES

Todos

6. REQUISITOS PRINCIPAIS DO PROXECTO

a) O xestor debe ser elixido polo beneficiario de entre os integrantes na bolsa de traballo denominada xestores de internacionalización e publicada polo Igape na súa páxina web www.igape.es (na epígrafe internacionalización). Esta bolsa de xestores de internacionalización está aberta indefinidamente. O Igape non se fai responsable da veracidade da información subministrada polos integrantes desta bolsa, tendo o beneficiario a obriga de comprobala.

b) O obxecto do contrato laboral é a realización -nun centro de traballo en Galicia ou no estranxeiro- de actividades relacionadas co comercio exterior. No caso de contratos para un centro de traballo no estranxeiro será admitido como subvencionable o contrato realizado por unha sucursal no estranxeiro da beneficiaria ou unha filial con polo menos o 25% do capital subscrito pola beneficiaria, (salvo que por imperativo do país de implantación se esixan participacións inferiores e iso resulte suficientemente probado)

c) O traballador debe ser dado de alta nun grupo 01 ou 02 de cotización á Seguridade Social no caso de contratos de traballo formalizados conforme a lexislación española. O Igape revogará a axuda no caso de que o xestor non se destine ao proxecto de internacionalización indicado na solicitude.

Un mesmo xestor pode ser obxecto de varias contratacións subvencionadas contemporáneas, a tempo parcial, por distintas empresas.

Só se concederá unha axuda por solicitante. No caso de solicitantes aos que se lle tivese concedido unha axuda en anteriores convocatorias destas bases de axudas, só se lles concederá una nova axuda no caso de que xustifiquen que fixeron un contrato laboral fixo ao xestor cuxa contratación foi obxecto de axuda nunha convocatoria anterior, ou no caso de que o xestor que se vai contratar sexa para traballar nun país distinto ao indicado en anteriores solicitudes de convocatorias destas bases. Estas limitacións non son aplicables no caso de que non se chegase a liquidar polo menos o 50% da axuda concedida en convocatorias anteriores por renuncia do solicitante ao resto da subvención por finalización anticipada do contrato de traballo.

Exclusións:

- A contratación do xestor de internacionalización realizada polo solicitante, persoa física, co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive.

a) Se o solicitante é unha empresa con forma xurídica de sociedade: a exclusión refírese ao parentesco do xestor a contratar cos cargos de dirección ou membros dos órganos de administración, así como ao parentesco coas persoas físicas con participación no capital da empresa.

b) Consorcios: a exclusión anterior esténdese tanto ao consorcio como aos seus participantes.

c) Clústers, consellos reguladores e asociacións: a exclusión refírese ao parentesco cos cargos de dirección ou membros dos órganos de administración.

- Os contratos con persoas que tivesen algunha relación laboral co solicitante con carácter previo ao 1 de xaneiro do exercicio da convocatoria.

No caso de que o solicitante sexa unha empresa, as exclusións refírense ás relacións citadas da persoa que se vai contratar tanto co solicitante como con outras empresas do mesmo grupo empresarial.

7. CUALIFICACIÓN REQUERIDA DO PROXECTO

-

8. INVESTIMENTOS E/OU GASTOS COMPUTABLES

Será subvencionable o salario bruto anual da contratación por conta allea a tempo completo ou parcial -durante o primeiro ano de vixencia do contrato laboral no caso de que o solicitante sexa unha empresa e durante un máximo dos primeiros tres anos de vixencia do contrato laboral no caso de solicitantes do tipo b) e c) (organismos intermedios)- , dun xestor de internacionalización.

Exclúense da base subvencionable as indemnizacións, os suplidos, os custos de Seguridade Social e calquera outro á conta da empresa, que serán por conta do solicitante.

O período de contratación subvencionable iniciárase o 1 de xaneiro do exercicio da convocatoria, e deberá formalizarse o contrato laboral no prazo máximo de dous meses desde o día seguinte ao da notificación da resolución de concesión. En consecuencia, a solicitude de axuda poderá incluír contratacións que se leven a cabo a partir do 1 de xaneiro do exercicio da convocatoria. En calquera caso, a finalización dos doce meses de contratación subvencionada de solicitudes de empresas -ou de organismos intermedios que opten por un solo ano de contratación subvencionable- non debe ser posterior ao 30 de xuño do exercicio posterior ao da convocatoria, e no caso de solicitudes de organismos intermedios que opten por 3 anos de contratación subvencionable, a finalización dos 3 anos de contratación subvencionada non debe ser posterior ao 30 de xuño do terceiro exercicio posterior ao exercicio da convocatoria.

9. CONTÍA DAS AXUDAS

A contía da axuda para os contratos laborais que se formalicen -a tempo completo ou parcial-, cumprindo os requisitos destas bases, será:

- No caso de solicitudes de empresas: o 70% do salario bruto anual.
- No caso de solicitudes de organismos intermedios: 75% nos primeiros 12 meses de contratación sobre o salario bruto anual, 65% nos seguintes 12 meses de contratación e 55% nos últimos 12 meses de contratación subvencionable.

Incremento da porcentaxe de subvención:

- Se o solicitante ten o seu domicilio social ou centro de actividade obxecto do proxecto en algún dos municipios relacionados no anexo III destas bases: provincias de Lugo ou Ourense, comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e da Costa da Morte, engadíranse 5 puntos porcentuais máis.

- Se o xestor a contratar ten no ano de presentación da solicitude unha idade igual ou inferior aos 30 anos (e sempre que nese ano non cumpra os 31 anos) e leva á data da solicitude 12 meses ou máis en paro, engadíranse 5 puntos porcentuais máis. Se o solicitante indica esta condición na solicitude da axuda, debe respetala no caso de que o xestor contratado inicialmente sexa substituído por outro.

Límite máximo de axuda para empresas: 15.000 € se o centro de traballo de destino do xestor está en Galicia; e de 25.000 € se o centro de traballo se atopa no estranxeiro.

Para organismos intermedios: o límite máximo de axuda -para cada período subvencionable de 12 meses-, é de 25.000 € se o centro de traballo de destino do xestor está en Galicia; e de 30.000 € se o centro de traballo se atopa no estranxeiro.

Estes límites máximos son aplicables no caso de contratos a tempo completo. Para contratos a tempo parcial, estes importes máximos reduciranse na mesma proporción que a redución do tempo de traballo.

Nos supostos de que o destino sexa no estranxeiro, no caso de que o beneficiario participe nunha porcentaxe inferior ao 100% da sociedade contratante no estranxeiro, a subvención correspondente adaptarase á porcentaxe de participación do beneficiario na dita sociedade.

10. PLAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia (no caso de coincidir en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela, o prazo comezará o día hábil seguinte), e rematará o 15 de maio de 2012.

Poderanse cubrir e obter os formularios a través da aplicación informática ata as 14.00 horas do día da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

11. INCOMPATIBILIDADES

As axudas outorgadas ao abeiro destas bases serán incompatibles con calquera outra axuda concedida para o mesmo concepto subvencionable.

Estas axudas quedarán sometidas ao réxime de minimis, e non poderán superar os límites cuantitativos e por actividade establecidos polo dito réxime de minimis.

12. REFERENCIA LEGISLATIVA

Resolución do 29 de febreiro de 2012 (DOG N°49 do 09/03/2012) - Bases reguladoras e convocatoria 2012

13. INFORMACIÓN E TRAMITACIÓN EN

Para presentar unha solicitude de axuda o interesado deberá cumprimentar previamente un cuestionario descritivo das circunstancias do solicitante e dos datos da persoa que se vai a contratar a través da aplicación de axuda establecida no enderezo de Internet <http://www.tramita.igape.es>

O interesado presentará a instancia de solicitude co IDE no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992. Así mesmo, os interesados poderán asinar electronicamente o formulario de solicitude co IDE e presentalo no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia. Para iso deberá posuír un certificado dixital en vigor.

Co fin de prestar asistencia para cubrir o cuestionario, o Igape pon a disposición do interesado o seu Servizo de Atención Telemática, a través dos teléfonos 902 300 903 ou 981 54 11 47.

14. OBSERVACIÓNS

Unha vez recibida a notificación de resolución o solicitante disporá dun prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da súa notificación para a acreditación das condicións iniciais de contratación, mediante a presentación da documentación especificada na resolución de concesión.

Xustificación da subvención:



INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA FICHA DE AXUDA

1.- Por lo que respecta aos primeiros doce meses de contratación subvencionable, se debe presentar unha primeira solicitude de cobramento nos seguintes prazos:

- Nos casos nos que o período dos primeiros seis meses de contratación venza antes do 1 do outubro do exercicio da convocatoria, a primeira solicitude de cobramento correspondente a dito período de contratación debe presentarse con data límite o 30 de outubro do exercicio da convocatoria.
- Nos casos nos que o período dos primeiros seis meses de contratación venza a partir do 1 do outubro do exercicio da convocatoria, a primeira solicitude de cobramento -correspondente polo menos ao cincuenta por cento dos gastos subvencionables-, debe presentarse a partir do 1 de febreiro do exercicio seguinte ao da convocatoria e no prazo dun mes dende o fin do prazo dos primeiros seis meses de contratación.

A última solicitude de cobramento debe presentarse no prazo dun mes dende o fin do prazo de execución.

No caso de solicitudes de organismos intermedios, que opten por períodos de contratación subvencionables superiores a 12 meses deberán presentar solicitudes de cobro semestrais, a primeira tal e como se establece para o resto de solicitantes, a segunda e seguintes no prazo dun mes desde a finalización de cada período semestral e a última no prazo dun mes dende o fin do prazo de execución establecido nas bases.

Para presentar as solicitudes de cobramento, o beneficiario deberá cubrir previamente o cuestionario de liquidación a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>